



## Concello de Ortigueira

### ACTA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello, sendo as catorce horas e trinta e tres minutos do día trece de xuño do dous mil vinte e tres reúnese a Mesa de Contratación prevista no prego que regula o procedemento aberto, con tramitación urxente, para a adxudicación da concesión dos servizos de hostalería e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta 2023

ASISTEN:

**PRESIDENTE:** Juan Manuel Cao García. Tenente de Alcalde

**VOGAIS:**

- Javier Lopez Mera, secretario xeral do Concello

-Silvia Lamelas Soto, interventora do Concello

-Alberto José Balboa Rodriguez, técnico municipal e director do Festival

**SECRETARIA DA MESA:** Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria do Concello

Polo Presidente declarase constituída a Mesa de Contratación xa que se cumpre co quórum requirido, procedéndose a tratar os asuntos da orde do día:

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DIA 06.06.2023:

Non se fan observacións a acta da sesión do día 6 de xuño de 2023 polo que entendese aprobada por unanimidade

#### 2.- AVALIACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Pola Secretaria informase que en cumprimento do acordo por esta Mesa na súa reunión do día 6 de xuño de 2023 requiriuse as licitadoras Eventos y Hosteleria Trastoy SL e Grupo Bacoga Galicia SL, para que no prazo de tres días hábiles, contados dende o envío do requirimento con aviso a dirección de correo electrónico indicado, presenten no Rexistro Xeral do Concello, de xeito telemático, a seguinte documentación:

-DEUC asinado electronicamente, por persoa con poder bastante para a representación legal da entidade, mediante sinatura electrónica realizada cun certificado en vigor (non caducado) e que permita a validación do documento sen erros.

Ditos requirimentos foron enviados o día 7 de xuño de 2023, consta acuse de recibo por ambas licitadoras o mesmo día 7 de xuño

Con data 08.06.2023 numero de rexistro 2023-E-RE.950 a licitadora Eventos y Hostelería Trastoy SL presenta a documentación que estimou oportuna en cumprimento do requirimento

Con data 09.06.2023 numero de rexistro 2023-E-RE.972 a licitadora Grupo Bacoga Galicia SL presenta a documentación que estimou oportuna en cumprimento do requirimento

Toda a documentación está presentada dentro do prazo concedido ao efecto

A Mesa examina a documentación e comproba que

- A licitadora Eventos y Hostelería Trastoy SL presenta o documento DEUC asinado mediante certificado en vigor, ademais achega o documento DEUC validado no programa VALIDE no que consta “firma valida”
- A licitadora Grupo Bacoga Galicia SL presenta o documento DEUC asinado mediante certificado en vigor. A mesa comproba a validez da sinatura a través do programa Valide, co



## Concello de Ortigueira

---

resultado de “firma válida”. Incorporase ao expte o xustificante

Consecuentemente a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- DECLARAR que as licitadoras emendaron as deficiencias detectadas no documento DEUC achegado no sobre electrónico A “documentación administrativa”

2º.- ADMITIR provisionalmente no procedemento aberto, con tramitación urxente, para a adjudicación da concesión dos servizos de hostalería e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta, para:

- Lote 1.: Eventos y hostalería Trastoy SL
- Lote 3: Eventos y hostalería Trastoy SL e Grupo Bacoga Galicia SL

### 3.- APERTURA SOBRE B “Oferta económica” Lote 1.-

A continuación a Mesa de Contratación, procede ao descifrado e apertura do sobre “Oferta Económica” do Lote 1”Barras zona de concertos (Alameda)” e descarga da documentación, co seguinte resultado:

LICITADOR: Eventos y Hostelería Trastoy SL, achega o Anexo II no que consta:

Oferta económica: 27.150 + IVE

Melloras na prestación do servizo: Dispensar en todos os postos de forma gratuíta, a cargo do concesionario, auga mineral embotellada en envases individuais: SI

No punto 3º do Anexo non se relacionan os produtos que se van a comercializar na explotación nen os correspondentes prezos

A sinatura do documento Anexo II contén os mesmos erros que contiña a documentación administrativa,

A Mesa de Contratación estima que as deficiencias detectadas son emendables, e por unanimidade acorda:

REQUIRIR a licitadora Eventos y Hostelería Trastoy SL para que no prazo de tres días hábiles, contados dende o envío do requirimento con aviso a dirección de correo electrónico indicado, presenten no Rexistro Xeral do Concello, de xeito telemático, a seguinte documentación

-Lote 1: Anexo II oferta asinado electronicamente, por persoa con poder bastante para a representación legal da entidade, mediante sinatura electrónica realizada cun certificado en vigor, especificando no punto 3º do Anexo os produtos que se van comercializar na explotación e os prezos dos mesmos

### 4.-APERTURA SOBRE B “Oferta económica” Lote 3

Acto seguido a Mesa de Contratación, procede ao descifrado e apertura do sobre “Oferta económica” do lote 3 “Barras e restauración zona de Morouzos” e descarga da documentación co seguinte resultado

LICITADOR: Eventos y Hostelería Trastoy SL, achega o Anexo II no que consta:

Oferta económica: 6.150 + IVE

Melloras na prestación do servizo: Dispensar en todos os postos de forma gratuíta, a cargo do concesionario, auga mineral embotellada en envases individuais: NON

No punto 3º do Anexo non se relacionan os produtos que se van a comercializar na explotación nen os



## Concello de Ortigueira

---

correspondentes prezos

A sinatura do documento Anexo II contén os mesmos erros que contiña a documentación administrativa

A Mesa de Contratación estima que ditas deficiencias son emendables

LICITADOR: Grupo Bacoga Galicia SL achega o Anexo II no que consta:

Oferta económica: 6.180 + IVE

Melloras na prestación do servizo: Dispensar en todos os postos de forma gratuíta, a cargo do concesionario, auga mineral embotellada en envases individuais: NON

No punto 3º do Anexo relacionanse os produtos que se van a comercializar na explotación así como os prezos dos mesmos. A mesa comproba que tanto os produtos como os prezos axustasen ao Anexo I Tarifas do prego de prescricións técnicas

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

REQUIRIR a licitadora Eventos y Hostalería Trastoy SL para que no prazo de tres días hábiles, contados dende o envío do requirimento con aviso a dirección de correo electrónico indicado, presenten no Rexistro Xeral do Concello, de xeito telemático, a seguinte documentación

- Lote 3: Anexo II oferta asinado electronicamente, por persoa con poder bastante para a representación legal da entidade, mediante sinatura electrónica realizada cun certificado en vigor, especificando no punto 3ª do Anexo os produtos que se van comercializar na explotación e os prezos dos mesmos

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo as quince horas e vinte minutos estendéndose a presente acta, do que, como secretaria da Mesa, certifico

